

Licenzas por formación - prazas sometidas a convenio - axudas formación

Santiago, 4 de xuño de 2025

Na Mesa Sectorial de Educación de hoxe comezamos tratando:

1. Orde concurso praza de profesor/a de lingua e literatura galegas no colexio “Vicente Cañada Blanch” de Londres (Reino Unido)

- **Artigo 4.5.** Desde UGT seguimos pensando que para calquera concurso, debería eliminarse a entrevista. Entendemos que se desvirtúa o concurso de méritos con esta actuación.

A Consellería resposta que se eliminaría a entrevista.

- En canto ao baremo: Entendemos que deberían establecerse uns criterios máis concretos para a elaboración do proxecto. Ademais debería baixarse a puntuación relacionada co proxecto e que este non debería ter carácter eliminatorio.

Este curso queda así como está, e para a próxima convocatoria elaborárase unha rúbrica do proxecto.

2. Orde pola que se convoca concurso específico de méritos entre persoal funcionario de carreira e en prácticas dos corpos docentes que imparten ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, para prover postos de persoal docente en prazas sometidas a convenio ou a programas específicos desta consellería.

- **Artigo 5 punto 2,** seguimos pedindo que o prazo de solicitude se aumente a 10 días, como se fixo no curso pasado. Non entendemos porque se reduce de novo a 5 días hábiles.

Explican o recorte de días é debido á falta de tempo.



- Art. 5. 3. 1. b) **Proxecto de traballo**, por cada posto que soliciten, en relación coa praza solicitada, cunha extensión máxima de 20 páxinas tamaño folio, formato DIN-A4, a dobre espazo e letra tipo **Arial**, a 12 puntos sen comprimir. Seguimos coa **mesma tipoloxía...**
Contestan que se unificará co texto que aparece no baremo. 20 páxinas, DIN-A4, espaciado 1,5, tipo de letra Arial ou xunta sans, tamaño 12.
- Repetimos o que xa dixemos no punto anterior en canto ao baremo: Entendemos que deberían establecerse uns criterios máis concretos para a elaboración do proxecto. Ademais debería baixarse a puntuación relacionada co proxecto e que este non debería ter carácter eliminatorio.
Tamén solicitamos que se compute no punto 1 o tempo traballado por meses.
Acceden á petición e anuncian que eliminarán o máximo de 1,5 puntos no apartado 3.3.
- Cremos que os convenios con entidades privadas non deberían existir, e de non ser posible eliminalas, deberían ser moi limitados e xustificados.
Non se vai modificar.
- Pregúntannos por estas prazas do Ministerio de Defensa na Escola de Especialidades Antonio Escaño-Ferrol (A Coruña) para Funcionario/a do corpo de profesores de ensino secundario, especialidade Sistemas Electrónicos.
Foi un erro vanse engadir dúas prazas de sistemas eléctricos e dúas de sistemas de equipos.

3. RESOLUCIÓN da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se convocan licenzas por formación non retribuídas para o curso académico 2025/26.

- **Recuperación de licenzas retribuídas:** as licenzas por estudos retribuídas son un dereito recoñecido en moitas comunidades autónomas e constitúen un incentivo real para a formación e a innovación docente. A súa ausencia supoñen unha discriminación e un desincentivo para o profesorado galego respecto a outras rexións. A Lei Orgánica de Educación (LOE) e normativas autonómicas recollen a posibilidade de licenzas retribuídas



para estimular a formación e a investigación que revirtan en beneficio do sistema educativo. Instamos á administración a recuperar e ampliar a oferta de licenzas retribuídas, alomenos para determinadas modalidades ou colectivos prioritarios, porque entendemos que é un camiño indispensable para a especialización dun docente e polo tanto contribúe á mellora da calidade do ensino.

A administración non contempla a posibilidade de recuperar este tipo de licenzas por formación.

- Punto **quinto**. Queremos saber cantos días terá o prazo de presentación de solicitudes. O prazo será de 10 días hábiles.
- No **apartado 3**, non se especifica cal será a acreditación e competencia suficientes no manexo de aplicacións e ferramentas. Que criterios se seguen para decidir se se cumpre co requisito ou non.
- **Noveno**. Obrigas das persoas beneficiarias, concretamente no punto b.3) As persoas beneficiarias deberán asinar un contrato de cesión de dereitos de explotación dos documentos de apoio ou referencia aportados nos materiais aos que se refire o punto 3 do artigo Décimo Cuarto. Entendemos que xa que o beneficio é mutuo entre o docente e a Consellería, reiteramos a nosa petición de licenza retribuída para esta submodalidade.

A Consellería informa que as licenzas por estudos se modificaran nas datas de periodos parciais: do 1 de setembro ao 31 de xaneiro e do 1 de xaneiro ao 30 de xuño.

4. Orde pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas para financiar os gastos por asistencia a actividades de formación do profesorado.

UGT presenta as seguintes propostas de modificación ante o documento presentado:

- Pensamos que non se debería limitar as axudas a unha soa actividade, sobre todo se hai remanente.



- **Art. 11.1. A. c)** Falta o tipo de letra que se debería utilizar para a elaboración da memoria.
- **Art.15.5.** Insistimos en que a Comisión de Varloración das axudas debería contar coa presenza de representación sindical.
[Non o van a cambiar, queda como está.](#)
- **Art. 17.3. d)** menciona o personal substituto que desenvolva integramente a actividade durante o seu nomeamento pero pensamos que hai certa contradición co **art. 5.4**, no que permite ó profesorado substituto cursar a solicitude sempre que teña polo menos o 85% da actividade dentro do seu nomeamento.
[Trátase dun erro, 85% en caso de substitutos, 100% en caso de interinos](#)
- **Art. 21.** Errata na lei 39/2025, debería ser 2015.
[Trátase dun erro](#)
- **Artigo 27.3** Perda total ou parcial do dereito ao cobramento da axuda
Pto 3. No caso de que se revogue a axuda, a persoa beneficiaria terá que reintegrar as cantidades percibidas e mais os xuros de mora xerados desde o momento do seu pagamento, nos termos que figuran nos artigos 33 a 38 da referida Lei de subvencións de Galicia. Xa que é obriga nosa actuar así, facémonos unha pregunta; por que non se aplican os mesmos criterios cando se trata dunha demora da xunta? por exemplo, no caso da tardanza no cobro dos sexenios?
[Comunícanmos que non depende deles senón da consellería de facenda.](#)



5. Rolda de intervencións:

- Pedimos novamente que se nos informe do estado de elaboración dos novos ROC para adaptar a realidade normativa, que permita uns criterios máis homoxeneos de xestión e organización nos centros.
- A Consellería está a nomear de forma sobrevida a docentes para cubrir postos de vogal nos tribunais de oposicións debida ás numerosas renuncias por parte dos titulares e suplentes. Pensamos que a estas alturas os tribunais xa deberían de estar formados, e non estar facendo chamamentos.
- As prazas sometidas a convenio deberían de convocarse todos os anos xa que as necesidades do alumnado son contínuas, non queremos que a administración amortice este tipo de prazas.

Aproveitamos para preguntar se pasaran pola mesa as ordes de asesores e CAFI.

O director xeral confirma que non se convocarán as prazas de atención preferente pero si as de asesores e CAFI.

